



⇒ Visado de proxectos profesionais

Ademais dos aspectos formais e das funcións contidas no **Regulamento**, que vai a continuación, o **Visado** tamén produce estes efectos:

-Evitar que o traballo profesional sexa aproveitado por terceiras persoas que non dubidan en parasitar o esforzo alleo.

-Xustificar a experiencia investigadora como mérito para a selección de Persoal Docente Interino e Contratado polas Universidades (Profesor Asociado).

-Xustificar a competencia dos profesionais diante da Administración xudicial en defensa dos intereses profesionais.

Aínda que a Administración Pública (receptora última de aprobacións, adxudicacións, concesións, autorizacións, permisos, licenzas) non estableza de xeito expreso a condición obrigatoria de que os traballos profesionais sexan avalados pola sinatura do biólogo ou técnico competente nin a necesidade de visado colexial, **insistimos na absoluta conveniencia e utilidade deste trámite, que non é complicado nin custoso.**

REGULAMENTO

Introdución

O visado é un acto colexial de control da actividade profesional dos seus colexiados.

O artigo 5q) da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de Colexios Profesionais atribúe a estas corporacións a función de "*visar os traballos profesionais dos colexiados, cando así se estableza expresamente nos seus Estatutos xerais.*"

A xurisprudencia sinala que o visado non é un mero selado da documentación na que figura un traballo profesional, senón que supón a acreditación colexial de:

- a identidade e habilitación do autor (por exemplo carencia de sanción disciplinaria),
- a corrección e integridade formal, así como a aparencia de viabilidade legal do traballo, e
- a observancia das normas colexiais polo autor (por exemplo, inexistencia de incompatibilidades).

Así pois, o visado colexial convértese nun instrumento de control da condición de colexiado do autor do proxecto e da súa capacidade técnica corporativa, legal e deontolóxica, así como de vixilancia do réxime de incompatibilidades e da aparencia de corrección legal do proxecto a visar. Polo tanto, o visado colexial non ten ningunha función de control da calidade dos traballos profesionais.

Ademais destes aspectos formais, o visado colexial tamén ten outras funcións, como son:

- evitar que o traballo profesional estea suxeito exclusivamente aos intereses do cliente,
- evitar que o traballo profesional poida ser susceptible de ser modificado a posteriori por intereses alleos aos seus obxectivos, e
- garantir ao colexiado a existencia dunha copia do seu traballo profesional nos arquivos colexiais, no suposto de extravío dos arquivos daquel.

Marco legal

Artigo 1

Este Regulamento é de aplicación aos estudos previos, estudos, plans, anteproxectos, proxectos, informes e outros traballos profesionais cuxo ámbito de aplicación queda recollido no artigo 15, sobre as funcións da profesión, dos Estatutos do Colexio Oficial de Biólogos.

Artigo 2

Dacordo cos artigos 17 e 18 dos citados Estatutos, este Regulamento aprobouse pola Xunta Xeral do Colexio Oficial de Biólogos do 31 de xaneiro de 1997, previa información colexial para a presentación de enmendas.

Artigo 3

Este Regulamento é de aplicación aos estudos previos, plans, proxectos, informes e outros traballos comprendidos nas Normas de Honorarios Profesionais, as Tarifas de Augas de Consumo Público e de servizos ambientais aprobados pola Xunta Xeral do Colexio Oficial de Biólogos, na súa sesión do 24 de abril de 1998. En relación aos resultados das Análises de Augas, só é obrigatorio o seu visado cando os devanditos resultados formen parte dun proxecto.

Os documentos a visar comprenden todos e cada un dos apartados que sexan preceptivos na súa materia.

O importe do visado colexial está vinculado aos honorarios profesionais tal e como se establece nas Normas de Honorarios Profesionais aprobadas pola Xunta Xeral do Colexio Oficial de Biólogos.

Opcionalmente, o biólogo poderá establecer a súa relación contractual co cliente a través do contrato de servizos profesionais incluído no Anexo 1.

Quedan excluídos do trámite de visado os anteproxectos e aqueles estudos, tanteos e informes sobre a posibilidade de realización e bases dun proxecto.

A documentación a presentar para o visado dos traballos profesionais enumerados neste artigo axustarase ao establecido nos artigos 7 a 13 deste Regulamento.

Se a índole e materia do proxecto non esixe a redacción de todos os documentos enumerados xustificarse sucintamente a súa ausencia, e respetaranse todos e cada un dos demais requisitos esixidos.

No caso de que o biólogo non reciba remuneración algunha polo desempeño dos traballos profesionais recollidos neste artigo, deberá acreditarlo cun certificado asinado polo destinatario do traballo e por el mesmo.

Obrigación do visado

Artigo 4

Os traballos profesionais comprendidos no artigo 3 deste Regulamento e destinados a calquera Administración pública para a obtención de informes, aprobacións, adxudicacións, concesións, autorizacións, permisos ou licenzas, han de ser sometidos polos seus colexiados autores ao trámite de visado colexial cando a Administración pública receptora estableza a condición obrigatoria de que os mesmos sexan avalados pola firma de biólogo ou técnico competente ou expresamente declare a necesidade de visado colexial nos devanditos traballos. En caso de traballos realizados para terceiras persoas que teñan a condición de clientes e sexan destinatarios finais dos traballos profesionais sen que estes interveñan en ningún proceso vinculado á obtención de informes, aprobacións, adxudicacións, concesións, autorizacións, permisos ou licenzas de Administracións públicas, a utilización de visado colexial será voluntaria para o colexiado asinante do traballo.

Artigo 5

Están suxeitos ao visado colexial todos os traballos que teña realizado un biólogo dentro do exercicio da súa profesión, mesmo cando este sexa coautor do mesmo xunto con outros profesionais doutras titulacións ou intervira parcialmente na súa elaboración.

Artigo 6

Quedan exentos do visado colexial os traballos realizados por colexiados en exercicio dos deberes dos seus cargos de persoal ao servizo de calquera Administración pública.

Así mesmo, tamén quedan exentos do visado colexial os traballos que estean vencellados á elaboración do presuposto, previo ao encargo formal do traballo profesional.

Igualmente, quedan exentas de visado colexial todas aquelas analíticas cuxos resultados non formen parte dun estudo, informe ou proxecto.

Definición e contido dos Traballos que requiren visado colexial

Artigo 7

Os documentos que requiren visado, recollidos no Artigo 3 do presente Regulamento, comprenderán todos e cada un dos apartados que sexan preceptivos na súa materia.

Artigo 8. Estudos previos e anteprojectos

Enténdese por estudo previo ou anteprojecto ou documento que fai referencia a unha determinada materia en onde se valorará a necesidade ou viabilidade dun estudo ou proxecto posterior. Constará, como mínimo, dunha memoria, de documentación xustificativa e dunhas conclusións. Opcionalmente, poderanse explicitar os custos aproximados do estudo ou proxecto posterior.

Os estudos previos ou anteprojectos levarán impresos na portada, de forma indeleble, os seguintes conceptos:

1. Título conciso e completo.
2. Localización.
3. Nome do cliente.
4. Nome do autor, baixo o rótulo "Biólogo" ou "Doutor en Bioloxía", segundo corresponda.
5. Nº de colexiado.
6. Data (mes e ano).
7. En caso de biólogo ao servizo de empresa, nome desta.

Os devanditos documentos, na súa última páxina, deberán levar a data e firma do autor, con pé de firma, baixo o título de Biólogo ou Doutor en Bioloxía, deixando un espazo para o selo do visado colexial.

Artigo 9. Plans

Enténdese por plan o documento que recolle o desenvolvemento ordenado dunha actividade a realizar. Constará, como mínimo, dunha memoria que contemple a ordenación de ditas actividades, de documentación xustificativa e dunhas conclusións.

Os plans levarán impresos na portada, de forma indeleble, os seguintes conceptos:

1. Título conciso e completo.

2. Localización.
3. Nome do cliente.
4. Nome do autor, baixo o rótulo "Biólogo" ou "Doutor en Bioloxía", segundo corresponda.
5. Nº de colexiado.
6. Data (mes e ano).
7. En caso de biólogo ao servizo de empresa, nome desta.

Os devanditos documentos, na súa última páxina, deberán levar a data e firma do autor, con pé de firma, baixo o título de Biólogo ou Doutor en Bioloxía deixando un espazo para o selo do visado colexial.

Artigo 10. Informes

Enténdese por informe o documento que fai referencia ao estado ou situación dalgunha materia e das posibles determinacións a realizar. Constará, como mínimo, do motivo da solicitude, dos antecedentes, das consideracións técnicas pertinentes e das conclusións ou ditame que se derive. Nos anexos recollerase toda a documentación xustificativa adicional que se entenda necesaria.

Os informes levarán impresos na portada, de forma indeleble, os seguintes conceptos:

1. Título conciso e completo.
2. Localización.
3. Nome do cliente.
4. Nome do autor, baixo o rótulo "Biólogo" ou "Doutor en Bioloxía", segundo corresponda.
5. Nº de colexiado.
6. Data (mes e ano).
7. En caso de biólogo ao servizo de empresa, nome desta.

Os devanditos documentos, na súa última páxina, deberán levar a data e firma do autor, con pé de firma, baixo o título de Biólogo ou Doutor en Bioloxía deixando un espazo para o selo do visado colexial.

Artigo 11. Estudos

Enténdese por estudo o documento que fai referencia ao traballo científico-técnico que se realiza para profundizar nunha determinada materia. Constará, como mínimo, dunha memoria, da documentación xustificativa e dunhas conclusións.

Os estudos levarán impresos na portada, de forma indeleble, os seguintes conceptos:

1. Título conciso e completo.
2. Localización.
3. Nome do cliente.
4. Nome do autor, baixo o rótulo "Biólogo" o "Doutor en Bioloxía", segundo corresponda.
5. nº de colexiado.
6. Data (mes e ano).
7. En caso de biólogo ao servizo de empresa, nome desta.

Os devanditos documentos, na súa última páxina, deberán levar a data e firma do autor, con pé de firma, baixo o título de Biólogo ou Doutor en Bioloxía deixando un espazo para o selo do visado colexial.

Artigo 12. Memoria

A memoria é unha descrición das necesidades a satisfacer e deberá considerar os seguintes aspectos de forma orientativa:

1. Conterá o nome e circunstancias do cliente e do destino que este pretende dar ao proxecto e condicionantes impostos polo mesmo.
2. Descrición da natureza do proxecto e do seu emprazamento.
3. Definición de necesidades.
4. Estudo de alternativas e xustificacións da solución adoptada nos seus aspectos técnicos, económicos e legais, especificando as disposicións oficiais que regulan as materias obxecto do proxecto.
5. Indicaranse os datos previos, métodos de cálculo, niveis de control previstos, ensaios efectuados, etc, cuxos detalles e desenvolvemento incluíranse en anexos separados, no seu caso.
6. Descrición ampla e diáfana de procesos e métodos de produción, traballo e actuación segundo os casos, admitíndose a natural reserva daqueles detalles dos procesos que sexan segredos de fabricación ou estean amparados por licenzas ou patentes. Precisaranse todos aqueles datos e informacións relativas á produción/productividade para cada un dos aspectos que sexan obxecto de estudo contemplaranse todos aqueles aspectos técnicos imprescindibles en relación á natureza do proxecto, analizando a repercusión das actividades proxectadas na zona de influencia das mesmas, contemplada polo análise económico-financiero que xustifique a rendibilidade que se pretende conseguir, no seu caso.
7. Descrición explícita e clara de canto se proxecta, tanto en obras como en maquinaria, instalacións, labores, plantacións, etc. ou de calquera outro aspecto que o requira en base á materia do proxecto.
8. Conterá un resumo xeral de presupostos no que se fará constar o total dos investimentos con cifras en letra e número.
9. Incluírase unha análise económica da rendibilidade do investimento, cuxo detalle figurará nun anexo, no que se analizarán aqueles índices ou ratios que se estimen necesarios para un adecuado xuízo do proxecto.
10. Deberá facer referencia expresa a que se tiveron en conta na redacción do mesmo, as presentes normas e as disposicións legais que se dictaran ou se

dicten polas Administracións públicas en relación ás materias obxecto do proxecto, sempre que puideran ter incidencia directa ou indirecta no mesmo.

Artigo 13. Outros traballos profesionais suxeitos a trámite de visado colexial

Os seguintes artigos son de aplicación para estudos sobre proxectos redactados, estudos ou tanteos sobre problemas que se presenten no desenvolvemento dun proxecto, outros estudos, tanteos ou traballos semellantes en xeral que non están especificados noutra tipoloxía nas Normas de Honorarios Profesionais aprobadas pola Xunta Xeral do Colexio Oficial de Biólogos.

Artigo 14. Planos

Os planos deberán ser o suficientemente descritivos para a exacta realización da actuación, a cuxos efectos deberán poderse deducir tamén deles os planos auxiliares que sexan necesarios.

Os planos deberán ser tamén o suficientemente descritivos e estar acotados para que se poidan deducir deles as medicións que sirvan de base para as valoracións pertinentes.

Recoméndase que os planos se incorporen ao proxecto, de tal forma que para o seu exame cómodo non sexa preciso desencadernar ou romper o documento.

Queda terminantemente prohibido, en calquera caso, indicar nos planos marcas, nomes ou referencias comerciais dos equipos ou elementos do proxecto.

Todos e cada un dos planos serán dobrados ao mesmo tamaño, e de forma tal que na súa cara externa apareza un selo onde queden expresados necesariamente os seguintes conceptos:

1. Título completo do proxecto.
2. Localización.
3. Nome do cliente.
4. Nome e firma do autor, baixo o rótulo de "Biólogo".
5. Data.
6. Rotulación do plano exacta e concisa.
7. Escala ou escalas.
8. Número de orde que lle corresponda segundo o índice antes citado.

Cando un proxecto fora redactado no seo dunha empresa por un biólogo ao servizo da mesma, admitirase a rotulación do nome da empresa na cabeceira do selo. O biólogo firmará en calidade de tal.

Será rexeitado na súa totalidade calquera exemplar de proxecto que leve enmendadas, raspaduras ou tachaduras nos planos ou outros documentos, ou cando se falte ao decoro na presentación dos mesmos.

Todas e cada unha das copias dos planos deberán ir asinadas do seu puño e letra polo autor ou autores do proxecto, non admitíndose a reprodución da sinatura por ningún procedemento.

Artigo 15. Prego de prescricións e/ou condicións técnicas

Prego de prescricións e/ou condicións técnicas é o documento contractual que poida servir de base para a redacción do encargo de execución dos traballos, no cal se describirán con detalle os que sexan obxecto do proxecto, as condicións que deben reunir os materiais, equipo, e a execución dos traballos e as condicións económicas nas que poidan e deban realizarse as mesmas, así como a súa medición e forma de abono.

Artigo 16. Presuposto

Constará dos seguintes documentos:

1. Medicións.
2. Cadros de prezos en letra de aplicación das unidades que integran o proxecto.
3. Cadros de prezos descompostos (esixible cando exista cláusula de revisión).
4. Presupostos parciais.
5. Presupostos xerais.
6. Resumo xeral de presupostos.

Os presupostos parciais corresponderanse coas distintas unidades que conforman o proxecto ou funcionais, nas que se considere necesario ou conveniente dividir o proxecto. Dentro de cada un deles quedarán claramente separados os grupos constituídos polas distintas unidades, segundo se refiran a obras ou a instalacións.

Reduciranse as partidas alzadas ás que sexan imprescindibles, xustificándose estas de maneira cumprida e detallada na memoria.

Procedemento do visado colexial

Artigo 17. Presentación para o visado colexial de proxectos e outros traballos técnicos

Os estudos e tanteos son traballos encamiñados a coñecer o desenvolvemento e consecuencias ás que podería chegarse partindo dunhas bases determinadas e seguindo un criterio sinalado polo cliente ou proposto polo biólogo; e tamén a análise e descrición dunha situación dada podendo chegarse ou non a establecer medidas de seguimento, corrección e/ou mellora.

Será unha documentación que conteña toda a información necesaria para a súa correcta e xusta interpretación e, dependendo da materia do traballo, tal e como se establece no artigo 3 deste Regulamento, deberá contar como mínimo dos seguintes documentos:

- Memoria.
 - Xustificación
 - Metodoloxía
 - Descrición/Contido
 - Resultados
 - Conclusións
 - Discusión
- Planos
- Programación/s e calendario / temporalización
- Presuposto

Artigo 18

En canto aos planos, en caso de que a natureza do estudo os requiran, quedan suxeitos ás mesmas indicacións que os planos dun proxecto sinaladas no artigo 9 deste Regulamento.

Artigo 19. Prazos para a obtención do visado

O visado colexial emitirase non máis tarde de 24 horas dende a súa presentación, excepto nos casos nos que se requira a intervención excepcional da Comisión de visado colexial.

En caso de non emitirse o visado colexial, esta circunstancia comunicárase ao colexiado telefonicamente nun prazo non superior a dous días laborables ou tres por correo.

Unha vez visado un traballo profesional, os custos do seu envío ao autor correrán a conta do mesmo.

Artigo 20

En cada delegación do Colexio Oficial de Biólogos existirá un Libro de Rexistro de Visados Colexiais no que estes se ordearán numericamente. Para cada visado colexial constará a seguinte información:

1. O título do traballo, que inclúa a tipoloxía recollida no artigo 3 do presente Regulamento de visado colexial.
2. O autor principal.
3. Os outros autores, de habelos.
4. Nome e apelidos do solicitante do visado colexial.
5. Número de colexiado do solicitante do visado colexial.
6. A data de entrada do proxecto.
7. A data de saída.
8. A petición de urxencias, de habelas.
9. O importe do visado colexial.
10. As observacións ás que houbera lugar.

Artigo 21

O Colexio Oficial de Biólogos garantirá a confidencialidade e segredo dos proxectos visados, aos que só poderán acceder os seus autores, a Administración colexial e os tribunais de Xustiza.

Comisión do visado colexial

Artigo 22

En cada delegación do Colexio Oficial de Biólogos existirá como mínimo unha Comisión de visado colexial, integrada por tres colexiados de recoñecida experiencia profesional. Esta Comisión será nomeada pola Xunta de Goberno, e será elixida polos membros da delegación.

Esta Comisión estará presidida por un deles, que será elixido mediante sorteo.

A Comisión do visado colexial será responsable do seu outorgamento e poderá delegar nun empregado da delegación a execución dos trámites administrativos que correspondan.

A Comisión do visado colexial reunirse excepcionalmente cando exista algún tipo de conflito nos documentos a visar.

Incumprimento das obrigas colexiais sobre o visado colexial

Artigo 23

En caso de que o colexiado eluda o visado colexial, a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Biólogos aplicará un recargo de ata o 50% na tarifa de visado, dependendo das circunstancias polas que se eludira e que poderá elevar ata o 100% en casos de reincidencia.

Anexo 1

DECANO DO COLEXIO OFICIAL DE BIÓLOGOS

Visado colexial nº

Rexistro nº

Data

CONTRATO DE SERVIZOS PROFESIONAIS

D.....,
maior de idade, con domicilio na rúa (ou praza)
.....nº.....
e N.I.F actuando en nome propio ou como
representante legal da Entidade
..... C.I.F. nº
con domicilio social na rúa
.....nº.....,
segundo poder outorgado pola mesma cuxa copia acompaña.

Con plena capacidade xurídica e de obrar, encarga a

D.
biólogo, colexiado nº do Colexio Oficial de Biólogos de
....., a prestación dos seus servizos profesionais
consistentes en:

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

con destino a:

.....
.....
.....
.....
.....
.....

con amaño aos seguintes honorarios:

.....
.....

Condicións xerais

1. O biólogo comprométese a executar o traballo do presente encargo nun prazo non superior a
2. O cliente obrígase a satisfacer ao biólogo os honorarios profesionais correspondentes, con arranxo ás tarifas de honorarios vixentes, para cuxa aplicación ambas partes aceptan o ditame e valoración do Colexio Oficial de Biólogos. O biólogo poderá esixir ao cliente o abono do 20% do importe aproximado, en concepto de anticipo a conta.
3. Os gastos e suplidos efectuados polo biólogo serán por conta do cliente, así como os gastos orixinados pola colaboración de persoal auxiliar, en caso de que este fora necesario para a confección do traballo encomendado; os devanditos gastos e suplidos serán incluídos dentro da minuta oficial segundo nota do biólogo.
4. Os honorarios profesionais do biólogo, así como os custos e suplidos, serán feitos efectivos polo cliente contra a entrega do traballo terminado de acordo cos termos do contrato. Estas cantidades poderán ser feitas efectivas a través do Colexio. Aos efectos do biólogo, a súa obriga enténdese cumprida cando o Colexio outorgara ao seu traballo o correspondente visado.
5. Unha vez visado o traballo, este será posto a disposición do cliente previa notificación por escrito. Se transcurridos 20 días, este non o retira previo abono do seu importe, o biólogo, e no seu nome e representación o Colexio Oficial de Biólogos, reservarase o dereito de reclamar os honorarios e suplidos por vía que se considere pertinente. O cliente acepta tamén neste caso o pago das costas e suplidos que puideran derivarse da acción de cobro e comprométese ademais a abonar o 10% anual en concepto de intereses de demora.
6. A todos os efectos do cumprimento e defensa deste contrato, o colexiado confire a súa representación ao favor do Colexio Oficial de Biólogos.
7. En canto á interpretación e cumprimento deste contrato, ambas partes, con renuncia expresa ao seu foro propio sométense á Xurisdición e competencia dos Xulgados e tribunais de mesmo aos efectos de celebración do acto de conciliación en aqueles casos nos que sexa preceptivo.

Ambas partes, na calidade con que interveñen, aceptan o presente contrato, que declaran ter lido integramente, e en proba de conformidade coas súas condicións xerais, ratífficanas, firmando por triplicado.

..... a de de

Acepto O CLIENTE (sinatura e selo)

Acepto O BIÓLOGO (sinatura)

7. Visado de proxectos

A tarifa (VP) de visado de proxectos ou estudos deducirase pola seguinte fórmula e inclúe todos os dereitos inherentes ás funcións encomendadas ao Colexio Oficial de Biólogos.

$$VP = 0,1 B + K*H$$

Sendo H os honorarios pactados, salvo que a súa contía sexa menor á recomendada ou o traballo profesional non se remunere mediante honorarios en cuxos casos aplicaranse os honorarios fixados dacordo coas normas de honorarios profesionais recomendados, excluindo IVE, gastos e suplidos e K 0,01 ata un valor de H inferior a 601,01 euros ou 0,025 para H igual ou maior a 601,01 euros. **Parámetro B: CONSULTAR.**

Visado mínimo: 0, 1 B

O visado é un acto de control dos traballos profesionais, comprensivo dos seguintes aspectos:

1. Identidade e habilitación legal do colexiado autor.
2. Concreción e integridade formal da documentación integrante do traballo, en especial do cumprimento da normativa vixente sobre especificacións técnicas e requisitos de presentación.

Así pois, e dacordo coa doutrina do Tribunal Supremo, *"a potestade de control colexial a través do visado non acada máis que a verificar se os traballos que se presentan están desenvolvidos coa extensión suficiente, con claridade e previsión para definir a obra ou presentación da mesma pero sen que en ningún caso represente xuízos sobre a bondade ou acerto na concepción ou redacción do traballo, que é da exclusiva responsabilidade do seu autor"*.

A admisión a visado require, pois, a alta colexial.

A Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Biólogos é titular da competencia de visado, sen prexuízo da súa delegación noutros órganos, como son as delegacións territoriais.

A regulación do visado rexerese a Regulamento de visado colexial aprobado na Xunta Xeral Ordinaria celebrada o 31 de xaneiro de 1997.



O presente *Informe, Memoria, Proxecto...* consta dun total de *XXX* páxinas a *unha soa cara, a dúas caras*, e seladas.

Existen *XXX* copias dilixenciadas do mesmo. *XX* entréganse a (*Nome do Cliente*) para a súa mellor disposición. Unha queda en poder de (*Nome do Colexiado/a*) e a *X^a* e última permanece debidamente depositada e custodiada no Colexio Oficial de Biólogos de Galicia. Se se precisan copias adicionais, deberán de solicitarse a (*Nome do Colexiado/a*).